

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO:

DEPARTAMENTO DE LATÍN  
IES XOÁN MONTES  
CURSO 2021/22

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## 1. Modificacións da Programación Didáctica.

Elimínase toda referencia na Programación Didáctica á avaliación extraordinaria na Educación Secundaria Obrigatoria.

## 2. Engadidos á Programación Didáctica.

## a. Actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final da ESO

**4º ESO**

<b>Apoio/ Reforzo</b>	Para o alumnado que teña algún contido mal ou deficientemente adquirido.
<b>Recuperación</b>	Para o alumnado coa materia suspensa.
<b>Ampliación</b>	Para o alumando que teña suficientemente adquiridos todos os contidos.

## b. Actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final de 1º de BAC e 2º BAC

	<b>1º BAC</b>	<b>2º BAC</b>
<b>Apoio/Reforzo</b>	Para o alumnado que teña algún contido mal ou deficientemente adquirido.	Preparación do exame da ABAU para aqueles alumnos que se matriculen na proba.
<b>Recuperación</b>	Para o alumnado coa materia suspensa.	Actividades de recuperación para o alumnado coa materia suspensa.
<b>Ampliación</b>	Para o alumnado que teña suficientemente adquiridos todos os contidos.	

3. Criterios e instrumentos de cualificación para alumnado coa materia suspensa ou parte dela.

---

## 4º ESO

---

### **Cálculo da nota das avaliación trimestrais:**

A cualificación das avaliacións trimestrais será a suma de:

- a media aritmética dos 2 exames escritos por avaliación
  - a cualificación do exame tipo test
  - a media aritmética das notas do traballo diario
  - a nota media dos exames orais.
- 

### **Cálculo para obter a cualificación final de curso:**

A cualificación ordinaria será a suma de:

- A media aritmética dos 2 exames escritos da última avaliación.
  - A media da cualificación dos exames tipo test de todo o curso.
  - A media aritmética das notas do traballo diario de todo o curso.
  - A nota media dos exames orais da última avaliación.
- 

### **Procedemento de recuperación /mellora cualificación:**

O alumnado que logo da 3ª avaliación teña una cualificación final inferior a 5 deberá facer antes do día 21 de xuño un exame coas seguintes características:

---

---

APARTADO A (PM 4): Tradución e análise morfosintáctica dun texto coas características morfosintácticas que esixe o currículo da materia. O alumno ten que coñecer un vocabulario básico e ser quen de inferir o significado de novas palabras axudándose do contexto e/ou relacionando a palabra con outras da mesma familia ou campo léxico e/ou pola pervivencia da palabra nas nosas linguas.

APARTADO B (PM 2): Unha ou varias preguntas teóricas de historia ou cultura. O alumno debe presentar os contidos coa amplitude requerida, puntuación, presentación e ortografía correcta.

APARTADO C (PM 2,5): Explicar a evolución patrimonial e culta e/ou recoñecer prefixos e sufixos de orixe latina.

APARTADO D (PM 1,5) : Explicar o significado de locucións latinas de uso actual e/ou saber empregarlas no seu contexto adecuado.

No caso de que a media teña décimas, redondearase á unidade superior no caso de que o alumno fixese todas as actividades de recuperación demostrando interese e esforzándose por facelas de xeito autónomo.

O alumnado que logo da 3ª avaliación teña cualificación ordinaria de 5 ou superior a 5 poderá mellorar a súa cualificación con actividades de avaliación en cada un dos apartados:

Latinismos: Poderá facer exames orais para mellorar a cualificación no apartado.

Gramática, tradución e evolución: poderá facer un exame para mellorar a cualificación no apartado.

Historia e cultura: poderá facer un exame tipo test con todos os contidos do curso.

**Nestes 3 apartados manterase SEMPRE a última cualificación obtida.**

Actividades diarias: As actividades feitas dende a 3ª avaliación ata a fin do curso fan media para o cálculo da nota final.

---

## 1º BAC

---

**O alumnado que teña suspensa a materia na avaliación ordinaria deberá facer antes do día 21 de xuño un exame coas seguintes características:**

APARTADO A (PM 6): Tradución e análise morfosintáctica dun texto coas características morfosintácticas que esixe o curriculum da materia. O alumno ten que coñecer un vocabulario básico e ser quen de inferir o significado de novas palabras axudándose do contexto e/ou relacionando a palabra con outras da mesma familia ou campo léxico e/ou pola pervivencia da palabra nas nosas linguas

APARTADO B (PM 1.5): Unha ou varias preguntas teóricas ou a propósito dun texto de historia ou cultura. O alumno deberá presentar o contido coa amplitude requirida, puntuación, presentación e ortografía correcta.

APARTADO C (PM 1.5): Explicar a evolución patrimonial e culta e/ou recoñecer prefixos e sufixos de orixe latina.

APARTADO D (PM 1) : Explicar o significado de locucións latinas de uso actual e saber empregalas no seu contexto adecuado.

No caso de que a cifra resultante teña décimas, redondearase á unidade superior no caso de que o alumno fixese as actividades de recuperación con interese e autonomía.

---

## 2º BAC

---

**O alumnado que teña suspensa a materia na avaliación ordinaria deberá facer antes do día 21 de xuño un exame coas seguintes características:**

APARTADO A (PM: 7): Análise morfosintáctica e tradución dun texto (pode ser de Eutropio ou Fedro) coa axuda dun dicionario (Vox Ilustrado).

Os 3 estándares (morfoloxía, sintaxe e tradución) teñen a mesma ponderación na cualificación global.

---

---

APARTADO B (P.M 1.5) Descripción das características principais dos xéneros literarios latinos e explicación dos autores e obras representativas.

APARTADO C (P.M. 1,5- 0,5 CADA CUESTIÓN-)

- Explicación de procedementos de derivación e composición productivos no latín e dos seus resultados no galego ou castelán.
- Explicación etimolóxica de topónimos (relación CIUG).
- Explicar e empregar na lingua propia e no contexto axeitado expresións latinas (relación CIUG).

No caso de que a cifra resultante teña décimas, redondearase á unidade superior no caso de que o alumno fixese as actividades de recuperación con interese e autonomía.

---